# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**489** *Corrección de erros e errata do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

Advertidos erros no Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao núm. 307, do 20 de decembro de 2014, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 16, anexo II, despois do título, onde di: «ÁREA DE AMBIENTE, CAMBIO CLIMÁTICO E BOA CONDICIÓN AGRÍCOLA DA TERRA.», debe dIcir: «ÁMBITO DE AMBIENTE, CAMBIO CLIMÁTICO E BOA CONDICIÓN AGRÍCOLA DA TERRA.».

Na mesma páxina 16, número 1. ASPECTO PRINCIPAL: AUGA, primeiro parágrafo, segunda, terceira e cuarta liñas, onde di: «… Código de boas prácticas agrarias da comunidade autónoma. Ademais, nas ditas franxas respectaranse,…», debe dicir: «… Código de boas prácticas agrarias ou outra normativa da comunidade autónoma. Ademais, respectaranse,…».